




Area / Unidade NORMALIZACION LINGÜISTICA GA2000 EPL	Documento GA21AI007Z	
Código de verificación  4Q3E 1935 4G2U 2M51 001D	Expediente GA2/2026/9 Data 20-04-2026	

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA ENTIDADE NO ANO 2026: CORRELINGUA 2026 NA CORUÑA

REUNIDOS

Dunha parte, Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen os artigos 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en diante, LALG) e o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante, LBRL).

Doutra parte, Xosé Anxo Terán Comesaña, maior de idade, en calidade de presidente da Asociación Cultural Correlingua, nomeado na asemblea realizada o día 16/09/2019, en representación da entidade Asociación Cultural Correlingua, con CIF G70325683 e domicilio social na avenida de Lugo, 2A, entresollado A, 15702 Santiago de Compostela, cuxos estatutos constan aprobados o día 14/11/2011.

Ambas as partes recoñécense entre si a competencia e capacidade xurídica suficientes e o poder bastante para se obrigaren neste convenio e, para este efecto,

MANIFESTAN:

Que o Concello da Coruña (en diante o CONCELLO), para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións do conxunto do tecido veciñal coruñés.

Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición diñeiraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: (a) que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios; (b) que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar, ou á concorrencia dunha situación; o beneficiario deberá cumprir os deberes materiais e formais establecidos e (c) o proxecto financiado deberá ter por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Esta mesma previsión recóllese no artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na recente Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada na sesión ordinaria do Pleno realizada o 6 de xuño do 2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 157, do pasado 16 de agosto de 2024.

Que a Asociación Cultural Correlingua (en diante, a ENTIDADE) é unha entidade sen ánimo de lucro que establece nos seus Estatutos que o seu obxecto e finalidade, entre



outros, é asociar a reflexión lingüística a actividades lúdicas, colectivas, amenas e interdisciplinares.

Que a ENTIDADE é unha organización privada que, por razón da súa actividade, non queda en relación de dependencia con respecto ao CONCELLO. Polo tanto, este non será responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase se puidesen producir durante o desenvolvemento da actividade.

Que o CONCELLO entende que a actividade da ENTIDADE é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o Orzamento municipal para este ano 2026 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor da ENTIDADE por un importe de dez mil euros (10.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 50.334.489.50, coa finalidade de financiar os gastos derivados das actividades desenvolvidas pola entidade no ano 2026: Correlingua 2026 na Coruña, durante o ano 2026.

Que a LXS dispón no seu artigo 22.2 que se poderán conceder de forma directa as subvencións que se recollen nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. O artigo 28 determina que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. Estas previsións recóllense tamén no artigo 31 da nova ordenanza municipal.

Que o procedemento de concesión pode iniciarse tanto de oficio como por pedimento da entidade interesada e a ENTIDADE, atendendo ao requirimento municipal, presentou por Rexistro o día 07/04/2026 a documentación necesaria para subscribir o convenio. Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LXS e a ordenanza municipal, a concellaría responsable da Área de Cultura e Turismo, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo do 04/07/2024, publicado no BOP do 05/07/2024), e de acordo co artigo 127.1.g) da LRBRL, resolve autorizar o gasto en favor da ENTIDADE, en concepto de subvención directa para contribuír ao financiamento dos gastos derivados das actividades desenvolvidas pola entidade no ano 2026: Correlingua 2026 na Coruña, por importe de 10.000,00 euros, gasto imputable á aplicación orzamentaria 50.334.489.50, e subscribir o correspondente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto da axuda e período de realización da actividade

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre O CONCELLO e A ENTIDADE, co fin de contribuír ao financiamento dos gastos derivados das actividades desenvolvidas pola entidade no ano 2026: Correlingua 2026 na Coruña, durante o ano 2026.

A especificación da finalidade citada consta descrita na memoria achegada pola ENTIDADE o día 07/04/2026, que se xunta ao presente convenio como anexo.

En calquera caso, as actividades ou proxecto que se financian con cargo a este convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano actual.

Segunda. Normativa reguladora

A normativa reguladora das accións recollidas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e a Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada na sesión



ordinaria do Pleno do 6 de xuño do 2024 e publicada no BOP núm. 157, do 16 de agosto de 2024.

Terceira. Contía e crédito orzamentario

A contía da subvención obxecto do presente convenio ascende a 10.000,00 euros, que é o importe total máximo do crédito orzamentario autorizado con cargo á partida 50.334.489.50 do Orzamento xeral municipal do ano 2026.

Conforme ao disposto no art. 32 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (en diante, RLXS), enténdese este crédito orzamentario como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para a total execución da actividade subvencionada.

Cuarta. Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que poida establecer a normativa reguladora das devanditas axudas.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, de forma illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En particular, terán esa consideración os patrocinios.

De conformidade co disposto no art. 34 do RLXS, de ser compatible esta achega con outras subvencións, cando se produza un exceso das cantidades percibidas de distintas entidades públicas con respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre si, a ENTIDADE beneficiaria deberá reintegrarlles o exceso ás entidades concedentes, en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que O CONCELLO advirta un exceso de financiamento, esixirá o reintegro do importe total dese exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflecta o financiamento previsto, no momento da concesión, nin o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

Quinta. Obrigas da entidade beneficiaria

A ENTIDADE comprométese a destinar os fondos da presente subvención municipal á finalidade prevista, que se desenvolverá no exercicio ao que se refire este convenio, e a presentar a documentación xustificativa nos termos que a continuación se establecen.

A ENTIDADE comunicará por escrito e de forma motivada, cunha antelación mínima de dous meses á finalización da actividade obxecto da subvención, calquera modificación dos datos que identifican o proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos previstos, para a súa aprobación previa.

A ENTIDADE comunicarase co CONCELLO a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP), e remitirá canta documentación dirixa ao CONCELLO ben a través do seu Rexistro electrónico, situado na sede electrónica da devandita administración (sede electrónica), ben a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4.a) da LPACAP.

A ENTIDADE comprométese a comunicarlle ao CONCELLO, nun prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, que procedan de calquera outra Administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, que financien



estas actividades. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.

Todas as actuacións desenvoltas pola ENTIDADE serán obxecto de seguimento polo persoal técnico municipal, polo que a ENTIDADE se someterá a todas as actuacións de verificación económica e técnica do Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española. A ENTIDADE tamén estará suxeita a calquera outra actuación de comprobación de control financeiro que poidan realizar os órganos competentes (Intervención Xeral Municipal, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas), e achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores (artigo 14.1.c da LXS).

A ENTIDADE comprométese a facilitar a documentación necesaria para a adecuada comprobación administrativa e os controis financeiros da subvención concedida.

A ENTIDADE comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

A ENTIDADE comprométese a reintegrar os fondos percibidos, nos supostos que procedan.

A ENTIDADE comprométese ao cumprimento estrito das disposicións en vigor ou que se diten durante a vixencia deste convenio, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pago de salarios mínimos por categorías profesionais, tipos de contratos, cotas da Seguridade Social, mutualismo laboral etc. O persoal que se vaia empregar para realizar a finalidade do proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral con este concello. O CONCELLO estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta obriga.

A ENTIDADE comprométese a ter ao día, baixo a súa responsabilidade, cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, facenda ou outras, resulten necesarias para desenvolver a actividade.

En todas as accións, comunicacións ou presentacións públicas que se deriven da execución do convenio, deberase facer constar de maneira expresa a colaboración que presta O CONCELLO, para o que deberá incorporarse de forma visible o seu logotipo oficial, regulado no Manual de imaxe corporativa do Concello da Coruña (imaxe corporativa). No caso de que a actividade subvencionada xa se realizase, como permite o artigo 2 da LXS, deberá facerse visible nos espazos dixitais (agás que non dispuxer deles) e físicos da ENTIDADE beneficiaria, por un tempo mínimo dun ano, desde a concesión da axuda.

No marco da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e o artigo 42 da Ordenanza municipal para a igualdade e diversidade do Concello da Coruña (BOP 204, do 25/10/2019), a ENTIDADE comprométese a:

- a) Á igualdade entre mulleres e homes no trato, á igualdade nas oportunidades de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral, así como de adopción de medidas para previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo.
- b) Facer un uso non sexista da linguaxe en todos os documentos e soportes que produza.
- c) Establecer medidas para favorecer a conciliación e a corresponsabilidade na vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do convenio.



- d) Evitar e previr os prexuízos, prácticas e utilización de expresións verbais e imaxes fundadas sobre a idea da superioridade ou inferioridade dun ou outro sexo, ou sobre os roles femininos e masculinos estereotipados ou doutros colectivos da sociedade diversa.
- e) Utilizar unha información, comunicación e iconografía non sexista.
- f) Evitar en todas as informacións, comunicacións, iconografía e escritos que xeren calquera fórmula que reflecta ou transmita ideas ou actitudes discriminatorias por razón de sexo ou de xénero.
- g) Evitar a discriminación por razón de sexo nas actividades que desenvolvan de acordo coa finalidade deste convenio.
- h) Establecer medidas e mecanismos que contribúan a promocionar a igualdade entre mulleres e homes na diversidade. Para iso, comprométese a presentar, na memoria xustificativa, a desagregación por sexos dos datos das persoas beneficiarias dos proxectos e das persoas traballadoras da asociación.
- i) No seu caso, as accións de prevención de riscos laborais e a saúde incluirán a perspectiva de xénero e adaptarán o seu contido ás características diferenciadas de sexo.

A ENTIDADE comprométese a que todo o persoal dedicado a realizar actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpra co requisito disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil asinando unha declaración responsable que está incluída no formulario da solicitude.

A ENTIDADE observará as novas disposicións establecidas en materia de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes pola Lei orgánica 2/2024, do 1 de agosto (BOE número 186, do 02/08/2024).

A ENTIDADE comprométese a cumprir coas restantes obrigas impostas pola normativa xeral e municipal en materia de subvencións á que se fai referencia na cláusula segunda precedente.

Os incumprimentos que lle afecten tanto á normativa de igualdade como á Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, e á Lei orgánica 2/2004, do 1 de agosto, cando resulte aplicable, consideraranse como un incumprimento de obrigas formais, das establecidas no artigo 56 letra c) da LXS.

A ENTIDADE comprométese a cumprir o artigo 20.4 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP número 116, do 22 de xuño de 2021). A comunicación, en todas as súas formas; e a produción escrita e oral de toda a actividade subvencionada neste convenio polo Concello da Coruña deberá estar en lingua galega.

O incumprimento desta obriga, fixada na Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega do Concello da Coruña, será igualmente considerado como un incumprimento de obrigas formais, das establecidas no artigo 56 letra c) da LXS.

Sexta. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para desenvolver a actividade subvencionada e que se realicen entre o día 1 de xaneiro e o 31 de decembro do respectivo exercicio.

No suposto de que se subvencione unha actividade cun prazo de execución inferior ao ano natural, prevalecerá este prazo para determinar os gastos admisibles como realizados dentro do prazo establecido para desenvolver a actividade obxecto de subvención.



Concello da Coruña

Tamén se considerarán subvencionables aqueles gastos que, cumprindo a condición anterior, se acrediten con xustificantes emitidos nos dous meses seguintes á finalización do devandito prazo.

Os ditos gastos deberán estar efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula novena deste convenio e na normativa de aplicación.

Os gastos de persoal directa e indubidadamente vinculados ao exercicio da actividade subvencionada -incluídos desprazamentos e aloxamentos cos requisitos e condicións legais e regulamentariamente establecidas-, deberán xustificarse, dentro da actividade subvencionada, na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade; deberá gardarse a coherencia debida co período e intensidade que resultan estritamente necesarios para desenvolver as actividades subvencionadas.

E, para o caso de que se imputen ao obxecto do convenio custos de persoal de estrutura ou que xa pertencen á entidade beneficiaria, anéxase a este convenio, e configúrase como parte inseparable del, a relación presentada pola entidade beneficiaria con carácter previo á subscripción deste convenio, debidamente avaliada e autorizada polo servizo xestor municipal da subvención, na que se detallan a composición, número, categoría profesional, intensidade e dedicación de todos/as os/as traballadores/as da entidade beneficiaria que se consideran necesarios/as para desenvolver as actividades subvencionadas, así como o medio establecido para acreditar e comprobar a realidade da súa participación. Con todo, ao finalizar o proxecto, será necesario especificar as tarefas realizadas e o tempo dedicado a elas e proporcionar, en todo caso, evidencias acerca da súa dedicación efectiva ao proxecto subvencionado.

Non serán válidas as porcentaxes de imputación dos custos de persoal establecidos de maneira aleatoria e cuxa xustificación resulte insuficiente para acreditar a súa dedicación efectiva ao proxecto, tendo en conta a súa xornada laboral e a súa dedicación a outros proxectos ou tarefas diferentes ás subvencionadas.

Por outra banda, non serán subvencionables as retribucións voluntarias, extraordinarias ou outras de carácter non consolidable que se manifestasen durante o período de vixencia do convenio. Para estes efectos, só serán subvencionables as retribucións consolidadas, así como as correspondentes a actualizacións de salarios por cumprimento de convenio aplicable.

A realización de actividades formativas en liña ou telemáticas deberá documentarse, incluíndo a opción de formato dixital, respectando os dereitos á privacidade do alumnado, de tal maneira que permita comprobar, en todo caso, a data da súa realización, inicio e finalización, así como as persoas participantes.

Gastos de profesionais directamente vinculados co desenvolvemento do proxecto das actividades formativas. En calquera caso, o Concello da Coruña só admitirá como subvencionables os custos por prestación de servizos que non superen os seguintes importes:

-Hora de formación - Ata o custo de _____ €

-Hora de titorización - Ata o custo de _____ €

-Hora de relatorio - Ata o custo de _____ €

Na memoria da subvención xustificárase a determinación do respectivo importe.

Outros gastos de estrutura da entidade só serán subvencionables na parte que razoablemente corresponda, imputados de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao



período en que efectivamente se realiza a actividade; e deberá gardarse a debida coherencia co período e intensidade dos factores de produción estritamente necesarios para exercer a actividade subvencionada. Este tipo de gastos non se admitirá se a mesma entidade é beneficiaria dunha axuda do Concello da Coruña que teña como finalidade financiar os gastos de funcionamento.

Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

Non serán subvencionables os gastos derivados de agasallos e atencións protocolarias, así como tampouco os que se deriven da adquisición de gastos suntuarios ou outros que poidan considerarse liberalidades.

En ningún caso, o custo de adquisición dos conceptos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Terán o carácter de subvencionables os custos indirectos, e así se reflectirá no orzamento presentado, ata o importe máximo equivalente á porcentaxe do 13% do gasto que se vai realizar do orzamento presentado para a concesión da subvención ou do gasto realizado e xustificado. Nos casos nos que no orzamento ou na conta de gastos de xustificación presentada se incorporen achegas e axudas de terceiros alleos ao beneficiario ou ingresos por inscricións, despacho de billetes ou equivalentes, o importe máximo será o 13% dos gastos que se vaian realizar ou dos realizados e xustificados, pero descontando destes gastos, e antes de aplicar a dita porcentaxe, as axudas e achegas de terceiros e/ou os ingresos por inscricións, despacho de billetes ou equivalentes. Para a consideración destes gastos indirectos sen xustificación como gastos subvencionables, deberá acreditarse, coa presentación do orzamento da subvención, que a entidade beneficiaria ten gastos estruturais polo menos por este importe. Os custos indirectos non requirirán ningunha xustificación adicional.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro, e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos; serán subvencionables só no caso de que se trate de gastos relacionados directamente coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución desta. En ningún caso, serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, as recargas e as sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais.

Sétima. Subcontratación

Enténdese que A ENTIDADE subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o propio beneficiario para realizar a actividade subvencionada; isto é, cando a entidade beneficiaria efectúe unha provisión de medios para levar a cabo a actividade por si mesma e/ou dentro do ámbito de organización e dirección da propia beneficiaria da subvención.

A actividade subvencionada que A ENTIDADE subcontrate con terceiros non excederá do 50% do importe da subvención.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido desta.

Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e este importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o contrato se realice por escrito.
- b) Que a realización deste sexa autorizada previamente polo CONCELLO.



Concello da Coruña

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante A ENTIDADE, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte ao CONCELLO.

Para os efectos do que establece o apartado anterior, A ENTIDADE será responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites que se determinan na normativa reguladora da subvención en canto á natureza e contía de gastos subvencionables, e os subcontratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración recollido no artigo 46 LXS para permitir a verificación adecuada do cumprimento dos devanditos límites.

En ningún caso a ENTIDADE poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursoas nalguna das prohibicións do artigo 13 da LXS.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto de subcontratación.

c) Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vencelladas coa ENTIDADE, agás que concorran as seguintes circunstancias:

-Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación, nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

-Que se obteña a autorización previa expresa do órgano concedente, do seguinte modo:

- -A persoa interesada deberá solicitar unha autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada.
- -O órgano concedente deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, en que se indique o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou subministracións que poden ser obxecto de contratación.

Cando os subcontratistas realicen contratos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 23 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a estes contratos aplicaráselles as normas establecidas na citada lei.

Tanto para a subcontratación como, de ser o caso, para a contratación, se se superan os límites establecidos no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor en función da respectiva tipoloxía contractual, deberán solicitárselles, cando menos, tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á contracción do compromiso correspondente.

Esta determinación non se aplicará cando, polas especiais características da prestación, non existan no mercado suficiente número de entidades que realicen esa prestación.

Tampouco se aplicará se o gasto se realizase con anterioridade á concesión da subvención, aínda que se deberá xustificar o prezo de mercado.

No caso de contratacións con entidades ou persoas vinculadas, tamén se deberá solicitar unha autorización previa, como ocorre coa subcontratación de actividades subvencionadas.



De outorgarse a subvención para unha actividade xa realizada e tanto para a figura da contratación como para a categoría da subcontratación con entidades ou persoas vinculadas, deberán xustificarse, na memoria do expediente da subvención, as razóns de oportunidade de cada unha delas e será expresamente autorizada na resolución de concesión da subvención e aprobación do convenio.

Oitava. Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor da ENTIDADE e o pago da achega realizaranse despois de presentar e aprobar a xustificación nos termos establecidos neste convenio. Ditarase unha resolución declaratoria da perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas fixadas no art. 37 da LXS.

Tamén se poderán realizar pagos anticipados ata o importe total da subvención concedida, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, a ENTIDADE deberá solicitalo expresamente e deberá constituír unha garantía do 10% do importe da subvención que efectivamente solicite como anticipo, que se realizará mediante a retención por parte do CONCELLO, xa sexa sobre o primeiro pago anticipado ou sobre varios, ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e se non existise responsabilidade por parte da ENTIDADE, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá pagarse a subvención en tanto a ENTIDADE non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de reintegro. De conformidade co artigo 28.2 da LPACAP, o CONCELLO da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento das devanditas obrigacións. A sinatura do convenio da subvención implica o consentimento expreso da entidade beneficiaria para estas consultas por parte do Concello.

O importe da subvención está vencellado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit desta. A ENTIDADE beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

O recoñecemento da obriga queda condicionado ao peche, de conformidade coa xustificación do ano ou anos anteriores e ao cumprimento do que establece o artigo 40.7 da Ordenanza municipal das bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (publicada no BOP número 157, do 16/08/2024).

Unha vez acreditado o cumprimento destes condicionantes respecto das subvencións precedentes, concedidas ao mesmo beneficiario, poderá continuarse coa tramitación para realizar o recoñecemento de obrigas e, se for o caso, efectuar pagamentos anticipados.

Unha vez acreditado o cumprimento dos requirimentos establecidos no parágrafo precedente, tamén se poderán efectuar, alternativamente aos pagos anticipados, pagamentos a conta por unha contía equivalente á xustificación parcial presentada, como pagos fraccionados, acompañados ao ritmo de execución da actividade subvencionada, coa natureza de pagos provisionais, suxeitos á xustificación da totalidade da subvención outorgada e á súa liquidación final.

Para efectuar o pago a conta, deberá presentarse unha solicitude expresa, xunto cunha memoria xustificativa das necesidades de financiamento, na que se acredite razoadamente a opción do pago a conta en lugar do pago anticipado.



Na memoria precisarase o ritmo de execución da actividade, os gastos parciais incorridos e a relación de proporción cos gastos totais subvencionados. Achegaranse as facturas xustificativas dos gastos, así como outros documentos de igual valor probatorio aceptados no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. E, en xeral, os restantes medios establecidos na cláusula novena deste convenio para a xustificación de gastos, aínda que con carácter parcial coherentes co ritmo de execución e do pagamento parcial solicitado.

Novena. Xustificación

Unha vez que finalice a actividade ou ben cando a ENTIDADE realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo caso, antes de que transcorran tres meses desde o fin da vixencia do convenio, a ENTIDADE deberá presentar a seguinte documentación, para os efectos da xustificación, que en todo caso deberá incluír todos os gastos e ingresos da actividade, sen que poida nin deba excluírse ningún recurso (propio ou alleo) que o financie nin ningún gasto da actividade, aínda que os gastos totais sexan superiores á subvención.

a) Impreso de presentación de solicitude de xustificación cubrindo o modelo correspondente, que inclúe a xustificación das desviacións do balance con respecto ao orzamento, se procede, para comprobar a medida na que se axusta o balance ao orzamento inicial. Neste sentido, o importe da subvención está vencellado ao orzamento total presentado e nunca superará o déficit da actividade. No caso de que o balance reflicta desviacións á baixa con respecto ao orzamento inicial, resolverase o reintegro da achega municipal polo importe que pase do custo total da actividade.

b) Unha memoria que acredite que a actividade foi realizada, así como o grao de cumprimento dos obxectivos, mediante a cobertura do modelo correspondente. A ENTIDADE deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada.

c) O balance de ingresos e gastos efectivamente realizados con motivo da actividade, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial, cuberto segundo o modelo establecido. Este balance incluírá o importe das desviacións orzamentarias e das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado.

d) A relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, NIF, número de xustificante, data de emisión, importe, concepto e data de pago mediante a cobertura do modelo establecido. A orde dos documentos xustificativos que se presenten debe coincidir coa numeración que se estableza en aplicación deste convenio-tipo.

e) Con independencia do seu reflexo no balance, deberá presentarse unha certificación actualizada das subvencións e dos demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado, mediante a cobertura do modelo normalizado.

f) Unha declaración responsable que permita determinar que impostos dos que aparecen nos xustificantes poden considerarse gastos subvencionables cando formen parte da xustificación impostos indirectos non susceptibles de recuperación ou compensación.

g) Unha certificación ou declaración responsable dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, para o que cumprirá achegar unha copia documental ao respecto.

O gasto xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio aceptados no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os xustificantes de valor equivalente deberán reunir os requisitos que establece o artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación.



No caso de que a subvención outorgada se destine a pagarlles a persoas físicas pola prestación de servizos retribuídos, ao pago de premios ou ao pago de axudas de custo, a ENTIDADE beneficiaria estará obrigada a reter o IRPF, cos límites e excepcións que establecen a lei, o regulamento do imposto ou as demais disposicións regulamentarias en vigor; deberá acreditarse cos modelos 111 e 190 da AEAT e cos xustificantes de pago correspondentes.

Para xustificar os gastos ocasionados polo arrendamento de inmobles, A ENTIDADE estará obrigada a reter o IRPF, cos límites e excepcións que establecen a lei, o regulamento do imposto ou as demais disposicións regulamentarias en vigor; deberá acreditarse cos modelos 115 e 180 da AEAT e cos xustificantes de pago correspondentes.

No caso de imputarse gastos de persoal, achegaranse as nóminas e será obrigatorio presentar os documentos RLC e RNT debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado do xustificante bancario de pago, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá estar asinado pola persoa autorizada no caso de que as nóminas se confeccionen de maneira telemática polo Sistema RED. Así mesmo, achegaranse o modelo 111 (declaración trimestral) e o modelo 190 (resumo anual) da AEAT das retencións practicadas ás persoas traballadoras suxeitas ao IRPF e os xustificantes de pago correspondentes.

Nos supostos establecidos no artigo 31.3 da LXS, a ENTIDADE deberá achegar, xunto coa xustificación, os tres orzamentos solicitados a tres provedores diferentes referidos ao devandito servizo.

Só se admitirán pagos en metálico, con carácter excepcional, en facturas de contía inferior a 300 euros. Para xustificar os pagos en metálico, deberá achegarse un recibo no que conste que ao emisor lle foi satisfeito o importe, con identificación da factura que lle corresponde, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto conste que recibiu o importe e a data en que o recibiu, onde quede así acreditada a conformidade da persoa contratista ou provedora.

A acreditación xeral da realización do pago de gastos será a transferencia bancaria ou a domiciliación dos gastos, e deberá presentarse a factura do xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pago se realizase mediante un talón ou cheque, deberá achegarse unha copia deste, ademais do extracto do movemento bancario, que acredite que o destinatario o fixo efectivo.

Recoméndase que todos os pagos relacionados coa finalidade deste convenio se realicen desde unha única conta bancaria; non poderán subvencionarse pagos realizados con cargo a contas nas que a titular non sexa a propia ENTIDADE.

Tamén se considerará efectivamente pagado un gasto coa cesión do crédito ou do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado, así como coa entrega de efecto mercantil garantido por unha ENTIDADE financeira ou compañía de seguros.

O CONCELLO resérvase o dereito para comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, a ENTIDADE quedará obrigada a facilitar canta información lle requiran o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para a censura de contas.

De conformidade co disposto no artigo 75 do RLXS en relación cos artigos 37.2 e 3 da ordenanza municipal, para as subvencións por importe inferior a 60.000 € establécese a conta xustificativa simplificada como a forma de xustificación e comprobaranse, a través dos criterios de mostraxe que se indicarán deseguido, os xustificantes que se crea oportuno e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, para cuxo fin se lle poderá requirir ao beneficiario, no prazo máximo de catro anos, que contarán desde que finalice a presentación da conta xustificativa, que presente todos os



Concello da Coruña

xustificantes dos gastos e os pagos correspondentes nos termos que se indican a continuación.

Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto dos xustificantes, comprobarase unha mostra de elementos que, polo menos, supoña a seguinte porcentaxe con respecto ao número de elementos da relación da mostraxe:

- 1.º Se o número de xustificantes fose inferior ou igual a 20: comprobarase o 100%.
- 2.º Se o número de xustificantes fose superior a 20 e inferior ou igual a 50: comprobarase o 60%.
- 3.º Se o número de xustificantes fose superior a 50 e inferior ou igual a 100: comprobarase o 40%.
- 4.º Se o número de xustificantes fose superior a 100: comprobarase o 20%.

Para garantir a aleatoriedade na selección da mostra, aplicarase o seguinte procedemento de selección de xustificantes:

- a) Os xustificantes que van ser obxecto da mostraxe serán os que conforman a relación presentada polo beneficiario menos os que, por razón do seu importe, vaian ser obxecto de comprobación directa.
- b) Numeraranse sucesivamente os xustificantes que van ser obxecto de mostraxe, conforme á orde da relación clasificada de gastos achegada polo/a beneficiario/a na conta xustificativa.
- c) Determinarase o volume de xustificantes que conformarán a mostra para seleccionar conforme ao indicado anteriormente, é dicir, aplicando a porcentaxe que corresponda en función do número que compoñen os xustificantes obxecto da mostraxe.
- d) Obterase o cociente resultante de dividir o número de elementos que conforman a relación da mostraxe entre o número de elementos da mostra; redondearanse os decimais ao número enteiro máis próximo.
- e) Seleccionarase aleatoriamente o primeiro xustificante da mostra, do seguinte modo: o número de orde do xustificante que se debe seleccionar coincidirá co resultado de sumarlle ao cociente, calculado anteriormente, o número do primeiro dígito da dereita que conste na data do asento rexistral da presentación da conta xustificativa (o correspondente ao número dos segundos).
- f) Os restantes elementos de mostra determinarase aplicando unha progresión aritmética de razón igual ao cociente calculado. Se finalizase a selección de documentos e non se chegase ao número de documentos sinalados na mostra, sería necesario continuar contando a partir do último documento seleccionado e seguir polo principio da listaxe, ata alcanzar o número que corresponda. Se este coincidise con algún dos xa seleccionados, escolleríase o seguinte.
- g) No caso de que algún dos xustificantes seleccionados presentase algunha irregularidade que impida obter a evidencia razoable sobre a aplicación adecuada da subvención, o/a beneficiario/a deberá presentar todos os xustificantes de gasto co fin de que se poida avaliar o alcance do incumprimento e, en consecuencia, o cálculo do importe da subvención que se debe reintegrar, se for o caso.
- h) En todo caso, o instrutor do procedemento resérvase o dereito de, despois de aplicar o procedemento anteriormente establecido para determinar a



aleatoriamente os xustificantes que cómpre presentar, solicitar que se xunten os xustificantes en concreto que considere necesarios para unha mellor xustificación da subvención.

No caso de subvencións por importe igual o superior a 60.000 € e consonte ao estipulado no artigo 74 do RLXS en relación co artigo 37.1 da ordenanza municipal, establécese a conta xustificativa con achega dun informe de auditor como a forma de xustificación, que deberá incorporar a seguinte documentación:

1. Informe dun/dunha auditor/a de contas inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, que deberá levar a cabo a revisión da conta xustificativa cun alcance do 100% dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio e dos ingresos que lles correspondan.
2. Unha memoria que acredite que a actividade foi realizada, así como o grao de cumprimento dos obxectivos, mediante a cobertura do modelo correspondente. A ENTIDADE deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada.
3. O balance de ingresos e gastos efectivamente realizados con motivo da actividade, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial, cuberto segundo o modelo establecido. Este balance incluírá o importe das desviacións orzamentarias e das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado.
4. Unha relación clasificada e detallada dos gastos da actividade, con indicación do acredor, NIF, número de xustificante, data de emisión, importe, concepto e data de pago mediante a cobertura do modelo establecido. A orde dos documentos xustificativos que se presenten deben coincidir coa numeración que se estableza en aplicación deste convenio-tipo.
5. Unha certificación actualizada das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado mediante a cobertura do modelo normalizado, con independencia do seu reflexo no balance.
6. Unha declaración responsable que permita determinar que impostos dos que aparecen nos xustificantes poden considerarse gastos subvencionables cando formen parte da xustificación impostos indirectos non susceptibles de recuperación ou compensación.
7. Unha certificación ou declaración responsable dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, para o que se achegará unha copia documental ao respecto.

Naqueles casos en que o beneficiario estea obrigado a que as súas contas anuais sexan auditadas por un auditor sometido á Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, a revisión da conta xustificativa levaraa a cabo o mesmo auditor.

No caso de que o beneficiario non estea obrigado a auditar as súas contas anuais, a designación do auditor de contas será realizada por el. O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

O beneficiario estará obrigado a poñer a disposición do/a auditor/a de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto na letra f) do artigo 14.1 da LXS, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control establecidas na lei.

Décima. Reintegro



Esixirase o reintegro das cantidades percibidas e os xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- Obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que puidesen impedir a súa consecución.
- Incumprir total ou parcialmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Incumprir a obrigaón de xustificación ou xustificar de forma insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumprir a obrigaón de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula cuarta deste convenio.
- Ofrecer resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro recollidas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como incumprir as obrigaóns contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- No caso de concorreren varias subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, reintegrarase o exceso do importe producido.
- No caso de xustificar fóra do prazo sinalado na cláusula novena, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do RLXS.
- Nos demais supostos que determinan a LXS e a ordenanza municipal.

A devolución de fondos da subvención por iniciativa da ENTIDADE efectuarase conforme establece o artigo 44 da ordenanza municipal.

Décimo primeira. Publicidade e difusión

O réxime de publicidade desta subvención suxéitase ao disposto no artigo 16 da ordenanza municipal.

A difusión das actividades, accións ou proxectos que se financian con cargo á presente subvención adecuarase ás obrigas establecidas para a ENTIDADE na cláusula quinta deste convenio.

Décimo segunda. Vixencia do convenio

A vixencia deste convenio será anual e computarase desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do presente ano.

Décimo terceira. Causas de resolución do convenio

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o presente convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer algunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo segunda.
- b) O acordo unánime de ambas as partes.



c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificarlle á parte incumpridora un requirimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento seralle comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se unha vez transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralles ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supor a indemnización dos danos e perdas causados se así se estableceu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores establecida nas leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas. Establecerán un prazo improrrogable para a súa finalización, unha vez transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación destas.

Décimo cuarta. Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control

Conforme ao artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, constituirase, no prazo dun mes desde a sinatura do presente convenio, unha comisión de seguimento, vixilancia e control deste.

A composición será paritaria e constará de catro membros: dúas persoas representantes da ENTIDADE e dúas persoas representantes do CONCELLO. A cada un dos membros do Concello corresponderalle a presidencia, con voto de calidade.

As súas funcións serán:

- O seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes asinantes.
- A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir con respecto ao convenio.
- A mediación nas discrepancias que se poidan producir na interpretación efectuada por cada unha das partes.
- Aqueloutras funcións que resulten necesarias ou convenientes, con acordo das partes, que tendan a unha maior eficacia do convenio.
- A Comisión quedará validamente constituída cando asistan a maioría dos/as membros de cada unha das partes. Os acordos adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes.

A Comisión reunirse cando así o solicite a maioría dunha das partes e poderá realizarse por medios electrónicos, conforme aos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo quinta. Protección de datos

Ambas as partes comprométese a cumpriren co disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos e, en particular, co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Concello da Coruña

A ENTIDADE, en canto ao tratamento de datos de carácter persoal relativos ao presente convenio, é encargada do tratamento, e o CONCELLO é o responsable do tratamento. Como encargada, a ENTIDADE queda obrigada a cumprir as seguintes obrigas:

- 1) Tratar unicamente aquela información de carácter persoal necesaria para a correcta execución e finalidade do presente convenio.
- 2) Non utilizar os datos persoais para fins propios.
- 3) Realizar o tratamento de datos conforme as instrucións do CONCELLO da Coruña.
- 4) Levar un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do CONCELLO da Coruña.
- 5) Asistir o Concello da Coruña no exercicio dos dereitos por parte das persoas usuarias afectadas polo convenio.
- 6) Non comunicarlles os datos a terceiras persoas ou entidades, salvo que conte coa autorización expresa do Concello da Coruña ou nos supostos legalmente admisibles.
- 7) Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto, así como garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes.
- 8) Aplicar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco.
- 9) Notificarlle ao Concello da Coruña, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo establecido legalmente, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.
- 10) A elección do Concello da Coruña, suprimir ou devolver todos os datos persoais unha vez que finalice a prestación dos servizos de tratamento, así como calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento. Con todo, a ENTIDADE poderá conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.
- 11) Poñer ao dispor do Concello da Coruña, se fose preciso, toda a información acreditativa do cumprimento das obrigacións respecto ao encargo do tratamento.

Décimo sexta. Responsabilidade

A ENTIDADE queda sometida ao réxime de responsabilidade e sancionador establecido no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo sétima. Natureza do convenio

Este convenio ten carácter administrativo e rexerese polas normas establecidas na cláusula segunda. As posibles cuestións litixiosas ou controversias ás que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Ambas as partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais desta capital, co que a ENTIDADE renuncia ao foro do seu propio xuíz e domicilio.



Concello da Coruña

En proba de conformidade, asinamos este convenio, na data da súa sinatura electrónica.

Polo CONCELLO
A alcaldesa

Pola ENTIDADE
O presidente

Inés Rey García

Xosé Anxo Terán Comesaña